

Antonio Torrón Casal, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 19 de agosto de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto:** *Dar conta do informe emitido polo departamento de seguridade e calidade da plataforma de licitación electrónica VORTAL en relación a unha incidencia comunicada pola empresa GVAM GUIAS INTERACTIVAS no procedemento aberto convocado para a contratación do Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo de Pontevedra. (Expte.-2021026470).*

Dada conta do informe emitido polo departamento de seguridade e calidade da plataforma de licitación electrónica VORTAL en relación a unha incidencia comunicada, mediante correo electrónico de data 12 de agosto do 2021, pola empresa GVAM GUIAS INTERACTIVAS, no procedemento aberto convocado para a contratación do *Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo de Pontevedra*, a Mesa de Contratación entende que non existen evidencias de erros imputables á plataforma de licitación electrónica que puidesen impedir a presentación da oferta, polo que acorda proceder á apertura das ofertas presentadas dentro de prazo.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

